

Tres inéditos galegos do Cura de Fruime. Contribución ao *corpus* lírico da Galicia do XVIII

Xulio Pardo de Neyra

1. Introducción. Xénese do manuscrito

A produción do Cura de Fruime, situada nunha época de notorio desleixo pola realidade do país e, consecuentemente, polo idioma galego como vehículo cultural, reviste destacada importancia. O compostelán D. Diego Antonio de Zernadas y Castro (1702-1777) foi un dos homes que conviviu cos *ilustrados* da Galicia do século XVIII. Ao seu carón sitúanse nomes como os do Padre Feijóo y Montenegro, Cornide Saavedra y Folgueira, o Padre Sarmiento, o Dr. Castro Fernández, Somoza de Monsoriú, Herbella de Puga, Sánchez Vaamonde, Rodríguez y González, o Cardeal Figueroa, Páramo y Somoza, Fernández Varela, o Padre Sobreira Salgado, Cónsul, Pereira, Labrada, o Marqués de Sargadelos, Caamaño ou Seixo. Por tanto, o movemento cultural, ideolóxico e político no que se desenvolveu a obra de Zernadas, aquela *época das luces*, que abrangue un espazo temporal delimitado entre 1680 e 1770-80, circunscribe a actividade do *ilustrado* galego, onde precisamente se situaron as datas de nacemento e morte do cura de San Martiño de Fruime.

Na miña tese de licenciatura, *Ánxel Fole: pazos e nacionalismo*¹, recollín uns textos que, situados no século XVIII galego, servían como apoio á crítica á que no mil setecentos foron sometidos os membros da fidalga familia Fole de

¹ Dirixida por Anxo Tarrío Varela e lida na facultade de Filoloxía da Universidade de Compostela o 23/09/1999. O tribunal, que por unanimidade concedeu a máxima cualificación ao meu traballo, estivo composto por Ramón Villares (que actuou como presidente), Ramón Mariño (secretario), Anxo Tarrío, José Manuel González Herrán e Santiago Fernández Mosquera.

A todos eles debo agradecer os seus consellos e agarimo cos que avaliaron a miña memoria, así como o seu interese polo estudio e edición destes textos do Cura de Fruime descoñecidos ata o momento.

Navia, devanceira do escritor lugués Ánxel Fole, un dos literatos do país que recorreu ás súas propias fontes familiares para elaborar o seu específico mundo literario. O autor de *Á lus do candil. Contos a carón do lume*, por tanto, seguiu con efectividade a tendencia que na literatura de Galicia procurou un diálogo coa historia. Fole, pois, incluído nunha órbita paralela ao seu admirado Ramón de Trasalba, sen esquecer e sen loar ás actividades literarias de Pardo Bazán ou Valle-Inclán, soubo recodificar un interese atopado no campo literario de Galicia dende tempos anteriores para atraelo á súa propia xínea familiar.

Deste xeito, nas pescudas realizadas para a elaboración do meu traballo, atopei un interesante manuscrito que contén tres pezas galegas³. Unha vez analizada a escrita do texto, as composicións que garda (algunha delas xa publicada na edición que das obras completas do Cura de Fruime viu a luz a finais do século XVIII en Madrid) e, fundamentalmente, os propios textos en galego, considerei tal volume literario como elaborado polo mesmo Diego Antonio de Zernadas. Así pois, se no manuscrito atopei textos que xa apareceron editados a carón da referida daquela *obra en prosa e en verso* do Cura de Fruime, reunidos con máis composicións castelás, o que máis me chamou a atención foron, sen dúbida, os poemas escritos en idioma galego. Estes poemas, como veremos, dada a especial situación que viviu un cura de aldea ilustrado e perseguido polas máis altas instancias do cabido compostelán (que mesmo decidiron comprometerlo publicamente a través dunha denuncia á Inquisición), nunca poderían ver a luz durante a vida do cóengo santiagués D. Pedro Fole de Navia.

Polo tanto, e como despois se verá, estes textos galegos están incluídos na órbita do debate literario propiciado polo crego de Fruime no Santiago de mediados do XVIII, feito que, sen separar a actividade poética do Zernadas en galego dunha orientación dirixida ao emprego popularista e circunstancial, refire, sen embargo, a constatación dun uso por parte de Zernadas orixinal; incide na pervivencia lingüística do idioma galego dentro da literatura do XVIII e mantén ao Cura de Fruime nun programa de recuperación da lingua propia do seu país.

O *corpus* lírico do XVIII co que conta a literatura de Galicia, desgraciadamente, non é abondoso. Detrás do evidente interese político exercido polo poder central, que levou implícita unha defensa do idioma castelán en detrimento, neste caso, do propio do país galego, en Galicia operou unha dobre

realidade: en primeiro lugar, o galego ficou relegado, polo xeral, a lingua familiar, o que produciu, como consecuencia, un desinterese xa na aposta editorial polos textos galegos. Por outra banda, e collendo como base o pequeno *corpus* literario co que as letras galegas contan en referencia a esta época, poucos foron os literatos que apostaron pola redacción das súas obras na lingua do país.

De aí que o achado das tres pezas zernadianas que ofrecemos supoña un destacado descubrimento para a literatura de Galicia, ben porque veñen aumentar notabelmente a produción galega dos *séculos escuros*, ben porque incrementan a produción lírica do primeiro Cura de Fruime, un dos máis destacados escritores do *tempo da ilustración* de Galicia. O manuscrito ao que aludimos, realizado polo propio Zernadas y Castro na época medial do deza-oito, tempo de produción do Cura de Fruime, non nos chegou enteiro. Trátase dun libro cosido en pregos, cun tamaño de cuartilla, de cento dezaseis follas sen numerar correlativamente (aínda que algunha das pezas posúa unha numeración exclusiva para elas, o que induce a pensar que este crego numerou certas composicións e despois as reuniu, con outras, nun caderno).

A primeira peza do manuscrito é un dos textos que edito, sendo a derradeira delas o “Villancico Para la Noche Dereyes Cantinela a los de Navidad de 55”, que non se recolle enteiro e que, ademais, sitúa temporalmente os textos galegos.

O texto inmediatamente anterior, unhas décimas castelás de temática galega, vai precedido dunha carta, chea de citas clásicas, na que Zernadas explica a motivación da composición dos versos, que non posúen título (“Dr. en quien si se apura...”). Dado o carácter patriótico de tal texto, así como a súa relevancia para a xénese das referidas décimas, ofrezco unha parte do mesmo:

Debuebo a Vm. el papel q. me prestò, cuiò titulo es el Meco Gallego, Araue yembustero, que en la respuesta deotro tan elegante, como erudicto q.e escribió el Rmo. Sarm.to saca aluz entre las tinieblas de su ygnorancia un author cuiò nombre es justo que seobmita por indigno de apellidarse Gallego, comfieso al leerle mi ympaciencia e enla prompta restitucion deel que hago a Vm. la maior comfianza, ley el del Rmo. Sarm.to (...) con que atrevim.to convierte contra su Patria las noticias? conque ynsolencia ofende los femeninos corazones? con

que abilantes niega laynclinacion Desus paisanos, manchando con el torpe borron Delibianas, e faziles de enganar; el caracter que en la historia las distingue de piadosas, dociles, entendidas, e afables! mereze su author ser desterrado Delos brazos deuna M.e aq.n ofende perdiendo las glorias que solo por hijo suio logra mientras que en la perdida de este adulterino hijo dela Nazion la consuela (...) sienlos cinco lustros de su hedad prozede tan atreuido contra supatria que podrà esperar esta, sino que aumentandose los años sexa bibora sangrienta que despedaze el seno donde naziò yreziuiò el ser (...) Asi discurria yo quando una criada aldeana que me asiste e que alas voces q.e sin aduertencia salieron demi natural ynquietud hauia estado escuchando lo que hablando, entro en mi quarto furiosa diciendo, era preciso muestras de Md. no confundian este Author que se le diese por acà una fraterna, e obligandome con sus razones mehizo escriuir las siguientes Dezimas, que en nombre detodas las Paisanas medictò, las que remito a Vm. (...).

192

O recurso de asumir parte da súa produción á súa *ama*, esa *criada que o asistiu*, exposto con claridade por Zernadas nas anteriores liñas e de efectividade, como veremos, para os inéditos que presento, ademais de xustificar o uso do idioma galego nos versos que ofrezco (pois estas décimas foron realizadas en castelán), presenta certo interese pola defensa e loanza das mulleres. Este carácter, parello ao seu coñecido exercicio galeguista, vén enmarcar ao Cura de Fruime nunha órbita liberal e ilustrada propia do seu momento. As tales décimas satíricas serven para situar a época de produción do manuscrito, posto que a data de redacción dos versos casteláns pecha a composición: “Galicia Onze de febrero / Dezimas Cinquenta y Cinco”.

2. Os textos galegos

Así pois, situada brevemente tanto a actividade literaria coma o tempo do Cura de Fruime, así como presentada rapidamente a fonte na que se atopan as composicións², inclúo a seguir os propios textos galegos descoñecidos:

² O devandito manuscrito forma parte da biblioteca de Javier Bahamonde, ao que agradezo á súa disposición para a consulta e edición dos textos que presento.

a) nos fols. 1-4:

Ô Pandeiro de fol na man da Ama do Crego da Aldea, quenon pode Calar sempre qe. oie pandeiradas:

Dezimas

Pois à meu Amo asi moles
hè forza, meu Peruchiño,
di ò Crego vai ao Mohiño,
que eu ande as boltas co os Foles:
Juroche, que, aunque me esfoles;
non deixo asmiñas chouteiras,
que por mais, e mais, que queiras,
mentras pan como a Zernadas,
si andas nessas Foliadas
non che faltaràn Mohiñeiras.
Non te queijes si chas cantan,
ni andes facendo monecras,
que non se tocan as tecras,
si os Foles non se lebantán:
si estes à bufar se adiantan,
calar non pode o instrum^o.
dalles aire con mais tento,
que os Foles en meu juicio,
para seren de servicio
escusan ter tanto vento.
Non sopres, non me degoles,
que acà no meu Lar, si alguen
sopra, sino sopra ben
lle dizen, Merda nos Foles:
sopra gaitero, que as moles
co as duras se han de levar,
è si che Dan en cheirar
estos refrans, que che digo,
posto, que eres Fole, amigo,
soprata essa, ou non soprar.
Poslle à meu Amo Demanda,
porque coa sua probeza
nunca se veu na limpieza
de ter tres varas de Olanda:
mais en esta Zarabanda

mellor che fora no andar,
pois nada ves à sacar,
sinon o sauer mais bèn,
que si alguns limpios seven
hè por que ten, que limpiar.
Tal lle escribiches? Arredro
vai satanas: sant Outel,
mais o mismo para el
foy, que tu la tienes Pedro:
Cando de essas ai, eu medro,
que como anda co os seus lotes,
aun que eu non governe os potes,
Cala, è como el non se asañe
non semedà, que regañe
Perico el de los Palotes.
Cata que conto donoso,
que agora por esa guerra
sei por que na nosa terra
lle chaman pedro a ò Raposo:
non me sexas tan goloso,
que Non che he cousa de risa,
fiate dequen te avisa,
que ò Raposo, aun que se esconde
na semana fai, por donde
o Domingo vai à Misa.
Andas con papeles bobos
nun conto que xà esta mucho,
mais ao Raposo, Perucho,
mal lle vai cando anda a os ovos:
non levantes preitos novos,
è toma os meus pareceres,
que si antroidar con el quereis,
enchendote coma un Bode,
na Coresma non sepode
entrar co ese Pedro peres.
Diràs, que son porquerías,
pero quen pareu, que arrole,
quen te culap de que a Fole
se lle antoxasen Folías?
por que dou nesas manías
con quen non lle fixo ò son?
mais todo alegre a funcion,

vendo metidos de ganga
à Rioboò na Mogiganga
è a Fole, no Folion.
Pasmame por este sol,
que à meu Amo, que un probete
un Fol con quen non semete
mo queira meter nun Fol:
tiroulle un Cartafol
à Derrucarlle ass queixadas;
ah probe Crego Zernadas!
Algun Demo neste andou,
que el nunca verse pensou
entales emfolizadas.
Si veu meu Amo à Nizolio,
por que Fole con el bole,
si calquera ten a Fole
conozido ao primeiro Folio:
si por que ò ven sin un olio
Deixarmo quere às escuras,
coidado coas escrituras,
por que na man de Zernadas
yà sabe, que estan notadas
por todas as Foliaturas.
Pideuche cera Zernadas,
e ti (Dios che mo console)
para mostrar que eres Fole,
lle queres dar Folipadas:
Deixate de tolaxadas,
è ponte amigo mais mol,
pois hè craro coma ò sol,
que el non tivo malidade
contra ti; no che verdade?
Si, que aqui no ai gato en Fol.
Meu Amo para os seus fis,
escusa, Foles, ni Alforzas
que solo siruen nas forzas
os foles para os Barquis:
no andemos en mais latis
que do craro ninguén fuge,
pois contodo ò ruge, ruge,
que averdad non val un Nauo,
Dos Foles ò cabo, o cabo

que sai en limpio? foluge.
Non me andes mais rebuldando,
sinon queres de estas bregas,
ai Fole, tu te folegas?,
pois vamonos folegando:
si tés o pelexo brando,
para que te pos à o sol,
ponte coma ò caracol,
que consigo non rebole,
é a Dios, que te garde Fole,
è garde à meu Amo ò fol.

B) nos fols. 39-40:

As panadeiras da porta Faxeira regalaron à ama do Crego con unha Cantiga, qe. con puxeron de repente; unha tarde de foliada, en que pasava por alá moita señoría; è hè como sesigue.

Yllustrisimo Cavildo
mandarà comprar as Crivas,
que ô santo Apostol llè deu
ò fol, è mais a fariña.

Retornalla à Ama, agradezida co os reditos de esta.

Glosa

Con canto fay, è ten feito
para por â casa en modo
o Cauildo, ainda con todo
non ten un fol deproveito:
como lle nón veyo feito,
por gran lastima llo tildo,
e assi adezirvos me humildo
(è auesme deperdonar)
ò fol se hà de gouernar
Yllmô Cauildo.
Como eu sòu ama, aunqe. tonta
sei mui ben, o que se pasa,
è què sè perde unha casa,

si non ay còs Foles gran conta:
 ben sei, que vos dan afrenta
 señor, cousas tan Cativas
 eassi, pois entendo as bribas
 xà, que àlmpalas conven,
 en compondome ò fol bèn,
 mandarà comprar as crivas.
 A quèn tèn ò seu grao mundo,
 si un Fole llo bòta aperder
 serà capaz de ò fazer
 andar cun flol polo mundo:
 este è un dano moi profundo,
 con que asi, meu señor, ou!
 Si o fol se desgouernou
 atemo su señoria,
 è non perda a regalia,
 que ò santo Apostol lle dou,
 ensendo os Foles singelos,
 si adubados bèn nò estan
 non valen branca de pan,
 è perdense hasta òs farelos:
 coide pois de Compoñerlos
 su señoria a fee miña
 è esso canto mais ajiña,
 que si remedio lle dà
 ainda se aproveitarà
 ô Fol, èmais à fariña.

197

C) nos fols. 40 vto.-42:

Ô Baruto da Criada de Fol peneirando à Ama do Crego.

Mingotiña, si està alà
 nà tua man ô Pandeiro,
 fais de conta, que ôpunteiro,
 è ò fol da gaita està acà:
 à foliada andarà,
 mais con esa girigaita
 non magines, que se engaita
 ô mundo, que è gran fistol,

è vè, que te ris do fol
para donde ronca â Gaita.
Mingota mira o que fas
con este fole, bolante,
que non selle pon por diante
canto lle din por detras:
non che tente satanas,
que un home, que tanto fonde
èmira si se che esconde,
que ô non tratalo con Ley,
e darille no ollo a ô rey,
epor se en contos cò Conde.
Mira que è moito home fol,
esaue mais que ninguen,
por que os foles, visto ten,
oque non ten visto o sol;
non é menester farol,
para que no conto dês,
è non pode, como ves,
ver por aquestas sinais
que ten dous ollos normais
tanto, como quen ten tres.
Falas como nun Cortello
è ainda hà de aver un estrozo,
pois sin ver o fol è mozo,
dàs nel como nun fol vello:
ay Mingota eu chè aconsello,
non fagas con que se atufe,
librenos Dios de que bufe,
por que si colle un fumeiro
en boas mans està ô Pandeiro
p^a quentarche ô adufe.
Eu non sèi, en que te fias
Mingota? Èu non chas arrendo,
tanto os foles bàs enchendo,
que has de pagar às maquias:
non metas con foulerias
teu amo no trimiñado;
que ò beras tan en foulado
que cantes coma às serenas
acudi ao Crego nenas
que vai todo enfariñado.

Tu ven poderas calar,
por que si o Demo te tenta,
hache dedar unha quenta
que te hà depor apelar:
sè mo dàs en chamuscar
elle rebolues âfreima
hache de acordar â teima
pois, sinon tes tirixol
jà viche, que por un Fol,
no Cauildo hovbo unha queima.

3. Contexto propio dos textos

Diego Antonio de Zernadas y Castro viviu e promoveu, como xa expuxen liñas atrás, o primeiro debate literario da Compostela do XVIII. O Cura de Fruime, pois, e co gallo da concesión á sé compostelá do *rezo de Clavijo*, e pola acción do chantre catedralicio D. Andrés de Gondar⁴, escribiu *La prosa del estudiante y la musa del platero*, onde relataba as festas que con motivo do acollemento de tal rezo se realizaron no Santiago de 1750. O poema tivo unha negativa acollida entre as máis altas instancias do cabido compostelán, que quixo ver como este crego criticaba o facer literario do cóengo lectoral D. Antonio de Riobóo Seyxas y Villardefrancos, benquerido e celebrado poeta naquela Compostela tradicionalista e reaccionaria.

199

Desta forma, e así apareceu recollida no tomo IV da edición de *Obras en prosa y verso del cura de Fruime D. Diego Antonio Cernadas y Castro, natural de Santiago de Galicia* (Madrid: D. Joachin de Ibarra, impresor de cámara de S. M., 1779, pp. 1 e ss.), en *La prosa del estudiante, y la musa del platero* (texto xa publicado sen asinar en Compostela en 1750, edición da que ignoramos o

³ Á vista dos textos novos que ofrezco e do corpo literario existente de Zernadas en galego, conviría realizar unha edición comentada do quefacer lírico deste cura galego. Un traballo destas características, tendo en conta a inexistencia da edición das obras galegas de Zernadas, así como a relevancia literaria do facer do ilustrado compostelán (en atención a esa súa produción) ou a que non contamos cun manual da poesía galega do XVIII, é o que me levou a articular a edición comentada dos textos galegos de Diego Antonio de Zernadas que en breve vai ser publicada.

⁴ Ao cóengo e chantre compostelán D. Andrés de Gondar Zernadas dedicou un soneto que deu á luz F. R. Cordero Carrete en "Un soneto del cura de Fruime en el dorso de un relieve", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo III, fasc. X, Compostela, 1948, pp. 323-326.

editor) Zernadas conta a “*Relacion de las Fiestas con que se celebró en Santiago la concesion del Rezo de la Aparicion del Santo Apostol en la Batalla de Clavijo*”, rezo que foi confirmado por *bula* papal do 6 de agosto de 1750 e no que, como dixer, incidiu o devandito chantre, que xa solicitara a concesión eclesiástica de tal oración dende 1719 e 1749 (cf., de Antonio López Ferreiro, *Historia de la S. A. M. Iglesia de Santiago*, tomo X, Compostela: Imp. y Enc. del Seminario Conciliar Central, 1908, pp. 46, 77-79 e 206-108). A continuación, o Cura de Fruime entregou a “*Expresion gratulatoria con que se da el parabien al Señor D. Andrés Gondar, Canónigo Dignidad de Chantre de la Santa Apostólica y Metropolitana Iglesia del Señor Santiago, por el logro del nuevo rezo, que con tan fina solicitud consiguíó para mas culto del Santo Apostol, en reconocimiento de la insigne victoria de la Batalla del Clavijo, conseguida por el patrocinio del Santo. Compéndiase la Historia de tan prodigioso triunfo, por satisfacer á muchos, que en el dia, en que se solemnizó el recibo del Apostólico indulto, daban á entender la ignoraban, preguntando con ansia el motivo de tanto júbilo*”.

Con tal institucionalización eclesiástica, os órganos do cabido de Compostela afundiron o seu interese no programa exaltador do apóstolo como matador de mouros e *liberador de España*:

200

solo confusamente
 mormullaba la gente,
 que de Mahoma e toda su canalla
 el Apostol gánara una batalla,
 e que ahora el Pontífice propicio,
 por esa grande accion, le dió un Oficio,
 e un Rey en varios Cotos
 muchas rentas le dió, que llaman Votos.

A terceira parte da obra de Zernadas foi “*La tertulia en Santa Marta. Mosqueo de charlatanes*”, fragmento no que se parodia e satiriza a acción de “Bachilleres Doctores” que “en llegando á ser Lectores, / Quieren ser Padres Maestros”, a través dun humilde torneiro, Andrés Tacón, “Oficial honrado, y de un genio, que, no conteniéndose solo en los términos de su arte (que es bastante diestro) sabe y gusta de tocar la raya de las liberales”, que repasa algunhas veces los Quevedos, pica de quando en quando en las empresas de Saavedra, y otros libros de esta marca, de que suele estar surtido, y de cuyas noticias procura embutir su cerebro con tanto estudio, como el que pone en ensamblar sus papeleras, y en tornear sus columnas salomónicas”; personaxe que pode ser

aplicado ao mesmo autor do texto, que sempre se denominou *crego de aldea*, o que avalía a mesma consideración que Zernadas tiña do seu lugar dentro do organigrama eclesiástico.

Os termos nos que Zernadas estableceu o debate literario comezaron pola redacción de *La prosa del estudiante, y la musa del platero*, título xenérico do texto no que presentou tal composición lírica castelá, amais das devanditas partes, a dirixida a Gondar e “*La tertulia en Santa Marta ...*”. A través da primeira edición das súas obras, no referido tomo IV, pp. 1-267, coñecemos todo o desenvolvemento da problemática estilística á que foran sometidas as composicións. Por iso, trala publicación en 1750 da devandita obra poética dun Zernadas que, á vez que loaba a actuación do chantre catedralicio Gondar por estar inmerso nun programa de exaltación patriótico pola figura do apóstolo Santiago referido por padroeiro de Galicia e figura digna de rescate dentro da simboloxía cristiá, aproveitaba para criticar os impedimentos cos que o chantre contara nesa institucionalización eclesiástica do *rezo de Clavijo*. Emporiso foi referido, daquela, o *rezo* como unha peza pouco apropiada dentro das prácticas canónicas que por entón triunfaban nunha Compostela onde a figura de D. Antonio de Riobóo y Seyxas Villardefrancos lideraba o tradicionalismo clásico da arte lírica.

201

Así pois, Zernadas criticou, amais de procurar a devandita loanza ao chantre, á poesía de “ropage fantástico, y hojarasca con que muchos suelen vestir á las Musas de la moda, poniéndolas de tontillo, ahuecando frases, plegando voces, rizando términos, almidonando palabras, y planchando consonantes, que para sacarles el lustre, y quedar lisos, necesitan toda esa violencia” xa que “la perfeccion de un Poema pende de tantos ápices y puntos, que es difícil acertar por el todo con una bella combinacion de ellos”.

Tales declaracións foron complementarias da crítica á actitude mostrada por dous individuos do organigrama eclesiástico compostelán logo da concesión do *rezo*. Desta forma, ó lembra-lo interese de Gondar, Zernadas abertamente insistiu en que “no hubo dificultad, que no desmontes / Moviste piedras, allanaste montes”, alusións que no momento os propios incitadores da polémica admitiron como persoais. As pedras, entón, ían dirixidas a Riobóo, que pola súa nai levaba o apelido Seyxas; mentres que os montes referíanse ao primeiro apelido do lectoral D. Miguel de Montes y Piñeyro. Tales foron os principais inductores das críticas ao *rezo* de Gondar.

Mais o asunto non ficou aí. Logo da circulación dos textos en 1750 estableceuse unha específica polémica literaria entre o facer poético do autor dos fragmentos contidos en *La prosa del estudiante* e o xa aludido nestes Riobóo, académico, eclesiástico de influínte proxección e, como dixen, senlleira figura compostelá no orbe literario.

Tal dimensión do capitular Riobóo foi avaliada polo cóengo lugués D. Pedro Fole de Navia, home con fortes influencias na sé de Compostela (a súa designación como cóengo fora promovida pola sé central do Vaticano), con notorias arelas de grandeza familiar e de escuras actuacións no cabido de Santiago.

Daquela, pois, a aparición de Fole, que Zernadas cualificou como inxustificada, xa que ninguén se metera especificamente con el, provocou a redacción dos textos inéditos que presento. Por tal motivo, trala publicación dos textos anteriormente sinalados colocouse unha carta que Fole escribira a Zernadas o 17 de xaneiro de 1752, pola que “se pensó en delatarlo al Santo Óficio” (o que indica a notoria proxección da órbita de Riobóo), pois, en verbas de Fole, o escrito de Zernadas estaba “dirigido contra el Señor Lectoral, y contra el Señor D. Antonio Rioboo”, sendo, por iso, un texto “lleno de dicterios, infamias, é indolencias”. Fole, en tanto, non apareceu á marxe da polémica literaria (Riobóo escribira xa a Zernadas varias cartas onde lle sinalara a pouca rigorosidade literaria que, baixo o seu xuízo, mantiñan os textos do autor de Fruime; promovendo, amais, a publicación de parte da correspondencia mantida con el); polo que mesmo adxectivou a Zernadas como poeta autodidacta, sen estudos, esgrimindo que o labor do cura de aldea non podía ser comparado “con la notoria erudicion del Señor Lectoral, y con la concertada Poesia y literatura del Señor Rioboo”.

Zernadas, por carta o 13 de febreiro de 1752, explicou a Fole de Navia cómo o último día de 1750 remitiu os seus versos a Riobóo, que lle contestou, tamén por carta, explicándolle os “cuentos” que entre o lectoral e o chanfre se estableceron e engadindo que en forma semellante os trasladara a *La tertulia de Santa Marta*. Logo narrou que Riobóo dera á imprenta un “Manifiesto” (a *Mogiganga de mogigangas, Papelón de papelones, Cuento de Cuentos, Mosqueo del Mosqueo de Santa Marta, Relacion Métrica de Dimes y Directes de D. Diego Antonio Zernadas de Castro y Ulloa, por la gracia de Dios y de la Santa Sede Arzobispal de Santiago, cura propio de S. Martín de Fruime*, recolleita por Zernadas ó comezo

da súa “*Trinca tridente. Tacon, Malvar, y D. Jayme*”, continuación de *La tertulia de Santa Marta*) onde de maneira explícita insultaba a Zernadas e ao seu exercicio literario.

Desta forma, e explicado rapidamente tal debate literario que a Compostela de mediados do XVIII viviu por mor da concesión da oración apostólica de Santiago como *liberador de España*, o que provocou que o facer do Cura de Fruime fose negativamente catalogado e que, amais, se vivise en tal momento unha polémica referida ó clasicismo e pervivencia formal das pautas líricas anteriores, podemos referir que o exercicio de Zernadas apostou pola liberación das vedrañas formas tradicionais (representada pola figura do autor de *La barca mas prodigiosa ...*, un Riobóo que mesmo se arrodeou de defensores como Fole). Daquela, e logo desa explícita aposta por un exercicio poético máis dirixido á sinxeleza, Zernadas aparece como un preocupado home de letras que, aínda ben circunstancial, conscientemente utilizou o idioma de Galicia para a redacción de pezas líricas, metricamente incluídas nas prácticas do momento (as oitavas, a glosa, as décimas), que poden ser cualificadas como formantes do seu exercido programa de patriotismo galego.

Tal conclusión permanece na redacción dos textos que presento, unha glosa e dúas series de décimas, dirixidas puntualmente a un individuo que sen persoal interese propio apareceu vinculado á defensa do home que abertamente criticou o exercicio literario zernadiano, o cóengo D. Pedro Fole de Navia, satirizado por Zernadas como presuntuoso, vaidoso e dunha práctica moi xeralizada na época de defensa nobiliaria familiar e mesmo por conseguir determinada ascensión económica a través de non claros negocios do cabido.

Xulio Pardo de Neyra
Lugo